



Confederación Intersindical Galega

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

Secretaría Xeral de Industria

Asunto: ALEGACIONES ao ANUNCIO do 20 de febreiro de 2024, da Secretaría Xeral de Industria, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada (AAI), o estudo de impacto ambiental (EIA), a declaración de utilidade pública e o proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas, promovido por Greenfiber, S.L. e declarado proxecto industrial estratéxico (PIE) polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 29 de decembro de 2022, que se vai implantar no concello de Palas de Rei.

D. PAULO S. CARRIL VÁZQUEZ, en calidade de Secretario Xeral da CIG, e actuando como representante desta, con domicilio para efectos de notificación en Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10, na cidade de Santiago de Compostela, correo electrónico secretarioxeral@galizacig.gal

EXPÓN

Que en tempo e forma, pola presente e en relación co aludido anuncio, procédense a expoñer as seguintes

ALEGACIONES

1.- CONSIDERACIONES XERAIS SOBRE O IMPACTO DO PROXECTO.

Consideramos que con este proxecto resultarán gravemente afectados o patrimonio cultural e natural da comarca da Ulloa e limítrofes (Arzúa, Deza e Terras de Melide). Así mesmo afectará as augas e a atmosfera, ao envelenar con elevadas cantidades de compostos químicos o río Ulla e emitir gases contaminantes que, por acumulación, estragarán cultivos e afectarán directamente a saúde das persoas e da terra e a paisaxe. Así mesmo, compromete a viabilidade ecolóxica do río Ulla e afecta directamente a ría máis produtiva de Galiza, a ría de Arousa, que posúe unha grande biodiversidade e produce o 70% do mexillón e o 60% de bivalvos de Galiza. Ademais esta factoría destruírá áreas de excepcional valor ecolóxico producindo un grande impacto na ampla zona xeográfica onde se pretende implantar e na ría de Arousa.

Preténdense instalar dúas factorías: unha para elaborar 400.000 T/ano de CELULOSA solúbel, e outra que transformaría a celulosa solúbel en fibra téxtil LYOCCELL, unhas 200.000 T/ano, a só 2 km

do Camiño de Santiago. Polas verteduras que se estiman no proxecto, e debido ao estado do encoro de Portodemouros (a 1,5 km do punto de vertido), será unha industria contaminante de augas, e a súa fabricación requirirá grandes cantidades de auga, enerxía e eucaliptos, ademais da cantidade de tráfico rodado que virá asociado co transporte da madeira e do produto.

O proxecto ocupará 366 ha, para uso industrial. Desta superficie aproximadamente 120 ha corresponden á finca de Quintás, mentres as restantes ocupan distintas parcelas das parroquias de Ramil e Remonde, até escasos metros do río Ulla. A factoría vai destruír hábitats de altísimo valor ecolóxico e paisaxístico, incluídos na proposta de ampliación da Rede Natura, con poboacións de especies protexidas.

É un proxecto que vai potenciar máis a eucaliptización de Galiza, xa que se precisa dunhas 60.000 ha de eucalipto (4000 ha/ano por 15 anos que tardan de media en medrar). Estas árbores consumen unha elevada cantidade de auga (20 veces máis que carballos ou castiñeiros) polo que non parece sostíbel promover a súa plantación nun escenario de cambio climático, tendo en conta ademais que son especies pirófitas, razón dabondo para a prohibición das novas plantacións en Portugal, despois dos gravísimos incendios forestais do 2017 onde perderon a vida decenas de persoas.

Todo isto nun contexto de desaparición en Galiza de superficie agraria útil (estudos oficiais recentes das Universidades galegas cuantifican en 512.308 hectáreas, un 21%) en favor de máis territorio dedicado á actividade forestal ligada ao eucalipto.

Estamos pois ante un proxecto contrario a un monte galego con futuro, que debería asentarse, entre outros piares, nuns aproveitamentos forestais que realmente aposten pola creación de emprego digno, a sustentabilidade económica e social e a compatibilidade con outras actividades agrarias.

Consideramos inaceptábel o financiamento público deste proxecto, e máis con fondos europeos, máis alá do que exporem nas alegacións número 10 e 11, polo que implica de endebamento público, socialización de custos e papel secundario e irrelevante da Administración Pública na toma de decisións empresarias. A participación do sector público, no seu caso, debería ser maioritaria, con control efectivo que permita levar adiante outro proxecto industrial asentado nun monte galego con futuro, como anteriormente comentamos, dentro dunha outra política forestal que a actualmente en vigor, con investimento na promoción da produción de madeira de calidade e doutros produtos do monte, apoio á investigación para unha industria forestal integral, sustentábel, que fomente unha silvicultura con madeiras de calidade.

Consideramos que na tramitación deste proxecto deben de terse en conta varios apartados do recente Informe do Pleno do Consello Económico e Social (CES) de Galiza, que no trámite do Anteprojecto de Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais e Galiza, [a proposta da CIG](#), foron aprobados.

Concretamente son os seguintes:

1. O obxecto da regulación para promover o desenvolvemento sustentábel do territorio galego

debe ser a posta en marcha dun plan de desenvolvemento industrial sustentábel que promova o peche dos ciclos produtivos en Galiza e aumente o valor engadido en sectores básicos da nosa economía.

2. Os proxectos que utilicen os recursos naturais de Galiza non só deben respectar o ambiente e a idiosincrasia dos lugares onde se asenten senón tamén garantir o saldo de emprego neto; é dicir, as novas actividades deben achegar tanto emprego e retorno económico e social como o que se poida perder pola súa implantación para garantir un nivel de vida digno á poboación.
3. A Lei debe protexer as terras e lugares dedicados ao abastecemento de alimentos, para priorizar a soberanía alimentaria sobre intereses industriais.
4. A integración da valoración do impacto social e económico, na avaliación de impacto ambiental, vinculado ao principio de desenvolvemento sustentábel, tendo que terse en conta, en calquera caso, os criterios seguintes :
 - que o proxecto é aceptado polos sectores económicos, sociais e poboacións dos concellos afectados;
 - un maior impacto socioeconómico positivo e mellora da calidade de vida nos sectores e territorios afectados.
5. En relación aos efectos sobre os servizos ecosistémicos que ocasionaría a instalación deste proxecto coa cuantificación económica das perdas que poida producir e coa participación dos concellos afectados neste proceso.

Consideramos de dubidosa legalidade os consumos de auga previstos neste proxecto sen contemplar a modificación das concesións e, de ser o caso, esixir tanto ás empresas afectadas como á Xunta o estudo de compensacións económicas para os concellos, os veciños e veciñas da contorna dos diferentes encoros. Cómpre ter presente que a solicitude de concesión de augas por 75 anos contemplada neste proxecto é nun encoro, o de Portodemouros, que ten en vigor unha concesión feita a fins de 1962, e que está chegada a finalizar nos próximos anos.

Todo isto, tendo presente que están en risco de agravarse as consecuencias ambientais, económicas e de desertización social, que levan décadas soportando as comarcas afectadas, e que cada día son máis negativas pola sobreexplotación do río Ulla. Aos encoros de Portodemouros, Brandariz e Touro, súmaselle a actual tramitación dunha planta de hidróxeno verde no encoro de Touro e a permanente ameaza da instalación doutras actividades de grande impacto, como o da reapertura da mina de Touro.

Consideramos, a respecto dos postos de traballo que van ser creados, que de acordo ao contemplado no proxecto, non son certos. Altri, grupo empresarial portugués que presenta o proxecto, estivo a facer declaracións nos medios de comunicación, con ocasión dos actos públicos que convocou hai unhas semanas, e cifrou en 500 os postos de traballo directos. En Portugal produce 1,5 millóns de toneladas de pasta e dá emprego a 774 persoas, polo que neste caso, facendo uso proporcional e atendendo á actual maior automatización dos procesos produtivos, é fácil concluír

que a cifra de emprego directo é moi inferior ao que contempla o proxecto. Parecida comparativa poderíamos facer en relación ás actuais instalacións de Ence na ría de Pontevedra, para seguir afirmando a falla de rigor existente neste proxecto cando fala da creación de postos de traballo.

Por outra banda, máis dubidosos son os criterios e datos empregados no proxecto en relación aos postos de traballo indirectos, xa que a transformación da madeira, desde a súa corta no monte, non se vai dar en serradoiros, senón na propia factoría.

Polo tanto, non estamos ante un proxecto que peche o ciclo completo da transformación da madeira en Galiza, que permita a recuperación do tecido industrial dedicado aos distintos aproveitamentos forestais ou fomente unha silvicultura con madeiras de calidade.

Estamos ante un proxecto que pretende a instalación dunha industria de enclave, dunha pasteira de grandes dimensións, que non vai pechar ningún ciclo en Galiza, levando a outros países a súa transformación. O proceso produtivo vai ser maioritariamente para a elaboración de pasta solúbel e de forma moi reducida, no mellor dos casos, de fibra téxtil. Non se coñece que asociado a este proxecto se contemple ningún plan de industrialización ligado ao sector do papel, cartón e téxtil, que promova o peche dos ciclos produtivos en Galiza e aumente o valor engadido en sectores básicos da nosa economía.

Por último, a peticionaria pretende ocupar 365 hectáreas, inutilizando parcelas nunha comarca onde o sector agrogandeiro é moi importante e no que diferentes empresas se asentan sobre o sector primario (algunhas delas en ecolóxico investindo en I+D) e que verán irremediabelmente afectada a súa produción ou estarán abocadas ao peche.

2.- IMPACTO SOCIOECONÓMICO DO PROXECTO NA ZONA DE IMPLANTACIÓN.

O tecido socioeconómico actual da zona xeográfica directamente afectada é fundamentalmente agrogandeiro (1/7 Ha produce leite na Ulloa) e turístico (vencellado ao Camiño de Santiago). Hai 4.087 explotacións gandeiras e 90.187 cabezas de vacún, que representan respectivamente o 15,6% e o 20,9% do total de Galiza, repartidas entre Arzúa (853 explotacións con 20.444 cabezas), o Deza (1.903 explotacións con 41.265 cabezas), Terras de Melide (805 explotacións con 14.381 cabezas) e a Ulloa (526 explotacións con 14.097 cabezas). Tecido que crea riqueza económica que queda na zona e, asemade, coída o territorio e a súa paisaxe, e é sostíbel ambiental, económica e socialmente, ademais de colaborar na soberanía alimentaria de Galiza. Dentro da Denominación de Orixe Arzúa-Ulloa hai 20 empresas de transformación de lácteos (a segunda en produción de queixos do Estado español), bastantes explotacións producen en ecolóxico e tamén as hai que compatibilizan a actividade gandeira co agroturismo. Tamén hai unha iniciativa empresarial que cultiva, transforma e comercializa plantas medicinais ecolóxicas cunha liña específica de cosmética ecolóxica e con convenios de investigación coa USC e o CSIC.

A Ulloa é unha comarca eminentemente gandeira, que desenvolve unha importante valorización do sector primario cun importante complexo de transformación que fecha ciclos e xera valor engadido e que avanza un paso máis coas certificacións de produción ecolóxica do leite e doutras producións agrarias e gandeiras. É un verdadeiro exemplo de economía circular.

A implantación desta fábrica na Ulloa ten un carácter invasivo e vai facer inviábeis todas estas actividades económicas, repercutindo dun xeito negativo sobre a valorización das granxas, das terras e das pemes relacionadas co turismo e a restauración, o que no seu conxunto vai favorecer a emigración e o empobrecemento da poboación.

A contaminación atmosférica vai producir un volume importante de óxidos que, en combinación coa auga atmosférica, producirá unha persistente choiva ácida que deteriorará os cultivos, forraxes e pastos, acidificará os solos e favorecerá a liberación de metais pesados asociados á estrutura xeolóxica do solo e a súa afectación aos acuíferos de uso agrogandeiro e ás augas soterradas de uso doméstico, ademais dos fumes e cheiros propios dunha celulosa que libera á atmosfera o 5% da auga consumida no proceso produtivo, ou sexa aproximadamente 2000 m³/día en forma de vapor. Todo isto vai facer inviábel a actividade do sector agrogandeiro, turístico e, por suposto, das empresas que traballen en ecolóxico.

Así mesmo, vaise intensificar a plantación de eucaliptos competindo co sector lácteo ao dedicar terras agrarias a usos forestais en detrimento das explotacións gandeiras que precisan ampliar a súa base territorial para mellorar a súa viabilidade.

Todas estas eivas van afectar tamén á viabilidade das instalacións empresariais turísticas vencelladas ao Camiño de Santiago. Por outra banda, a servidume creada polos tubos de toma de auga e de vertido no tránsito desde a localización da empresa de celulosa e o encoro de Portodemouros, vai inutilizar a maioría das 381 parcelas afectadas. Por todo isto entendemos que **non está xustificada a declaración de utilidade pública solicitada pola empresa Greenfiber S.L.**

3.- IMPACTO SOCIOECONÓMICO DO PROXECTO NA RÍA DE AROUSA.

Na actualidade, como consecuencia do cambio climático, hai menos nordés e, por tanto, hai menos afloramento e menor renovación das augas da ría. Isto trae como consecuencia que hai menos plancto e os bivalvos teñen menos alimento e están máis debilitados, porque utilizan a enerxía prioritariamente na supervivencia da especie, ou sexa, protexerse e reproducirse: medrar pasa a ser secundario. E tamén que a mesma contaminación ten maior impacto porque é menor a taxa de renovación das augas da ría e se dilúe menos, afectando aínda máis a uns bivalvos máis débiles.

Como consecuencia da cantidade de auga consumida polo proxecto de Greenfiber, S.L., o caudal do río Ulla diminúe e a contaminación produce máis dano porque vai menos diluída. Ademais van botar ao río cantidades moi importantes de materia orgánica e químicos utilizados no proceso de fabricación, que afectarán moito a un ría moi debilitada. No verán o problema agrávase.

Para dar unha idea deste amplo colectivo que depende da calidade das augas do mar de Arousa, podemos dicir que hai 1.540 mariscadoras/es a pé (o 44% de Galiza), 1.558 embarcacións pesqueiras e marisqueiras (o 40% de Galiza) e 2.319 bateas de mexillón (o 68,7% de Galiza).

Para amosar a importancia socioeconómica que fixa poboación en ambas as marxes da ría temos os datos da achega do sector da pesca sobre a economía dos concellos (media dos anos 2018-

20), en % sobre o PIB de cada concello: Boiro (22%), A Pobra do Caramiñal (24,17%), Rianxo (12,55%), Ribeira (32,17%), Cambados (17,91%), Catoira (13,06%), O Grove (20,73%), Vilagarcía de Arousa (4,32%), Vilanova de Arousa (10,62%) e A Illa de Arousa (22,68%) (Fonte: *Análise do sector da pesca*, IGE, 2023).

“En ningún país da UE a pesca e a acuicultura son tan relevantes para unha economía e en ningún outro sector Galiza presenta unha especialización tan forte con respecto á economía europea” (Análise do sector da pesca, IGE, 2023, páx. 53).

“O sector da pesca xera 12,8 empregos na economía galega por cada millón de euros producido, dos cales 6,8 se xeran na propia rama e os 6 restantes correspóndense con empregos indirectos noutras ramas da economía que subministran inputs a estas actividades ou aos seus provedores” (Análise do sector da pesca, IGE, 2023, páx. 54).

Á importancia económica derivada do sector primario do mar aousán únese o valor social que adquire nos concellos costeiros, onde irradia beneficios socioeconómicos entre amplas capas da poboación, converténdose nun importantísimo mecanismo de distribución e repartición de riqueza no contorno local que incentiva a implantación de actividades e pequenos negocios e asenta poboación.

Así mesmo, este conxunto de actividades do mar teñen un importante valor desde o punto de vista etnográfico e gastronómico, o que achega trazos de identidade propia e de diferenciación a través da calidade do local que son aproveitados por un dos sectores que actualmente presenta un maior desenvolvemento económico, o turismo. Así, o turismo en Arousa susténtase sobre catro piares: a calidade das augas e dos produtos que saen delas, a singularidade etnográfica ligada ao mar, a beleza da paisaxe costeira e unha gastronomía que ten como emblema os produtos do mar locais.

Este forte vencello entre as actividades primarias e o contorno onde se desenvolve singulariza a paisaxe da ría de Arousa, que é única, coa actividade das bateas, as embarcacións de pesca artesanal e o marisqueo. Todos eles producindo peixes e mariscos de calidade aos que os consumidores outorgan alta estima e prestixio. Todo isto suma e atrae cada ano a un número maior de turistas que sustentan un volume crecente de negocios, grandes e pequenos, nas localidades aousás.

Finalmente, cómpre sinalar en termos ambientais que a elevada produción de bivalvos, especies dos niveis tróficos inferiores da cadea alimentaria, significa unha elevada fixación do CO₂ atmosférico e unha grande eficiencia enerxética (de cada elo da cadea alimentaria ao seguinte hai unha perda aproximada do 10% da enerxía), que son os piares dos alimentos que nos garanten a soberanía alimentaria.

Pero todo isto pode verse en risco ao comprometerse a calidade das augas do río Ulla, o máis determinante para a súa produtividade marisqueira por ser o máis caudaloso dos que alimentan a ría de Arousa.

O modelo de industria de enclave de Greenfiber S.L. é a antítese da pesca e o marisqueo

na ría de Arousa. Poñer en perigo de supervivencia este sector prexudica claramente o conxunto da sociedade galega e significa que a Xunta de Galicia aposta por impor un cambio de modelo produtivo que vai traer consigo a destrución do emprego sostíbel e o cambio da imaxe cultural e paisaxística do conxunto de Galiza.

4.- IMPACTO NA BACÍA HIDROGRÁFICA, NA CALIDADE DAS AUGAS DO RÍO ULLA E NA RÍA DE AROUSA, NUN ESCENARIO DE CAMBIO CLIMÁTICO.

A solicitude de concesión de augas (75 anos) para a captación de auga é de 640 l/seg (máis de 46.000 m³/día). Sendo o consumo medio de auga en Galiza de 130 l/habitante/día, Greenfiber S.L. empregará a mesma cantidade que 353.850 habitantes/día, cantidade superior á que consomen os habitantes da provincia de Lugo nun día.

Hai que salientar que máis do 65% da auga volverá ao encoro cunha temperatura de 27º e unha carga importante de materia orgánica e de químicos, favorecendo a súa eutrofización e deteriorando aínda máis a calidade da auga ao longo do río Ulla. Isto, nun contexto de cambio climático e de escaseza de auga, sinaladamente na época estival, cando o encoro de Portodemouros leva anos provocando alarmas por eutrofización e produción masiva de cianobacterias con neurotoxinas e hepatotoxinas; a temperatura da vertedura vai diminuír a cantidade de osíxeno disolto na auga e ademais vanse botar grandes cantidades de materia orgánica que consumirá moito osíxeno na súa degradación aeróbica; ambos os factores van provocar unha eutrofización do encoro que xa non vai estar vencellada á época estival, senón que se ampliará aos meses do ano nos que non chova dabondo. As toxinas que están no interior das cianobacterias van poder circular polo río e afectar os seres vivos, o gando e os seres humanos, xa que río abaixo hai tomas de auga potábel para uso doméstico de aproximadamente 145.000 habitantes de diferentes concellos, aos que habería que sumar a poboación estival flotante.

Neste sentido hai que subliñar que Greenfiber S.L. non só detrae do encoro 46.000 m³/día (un 9,2% do volume medio deste, 182 hm³) senón que devolve unha boa parte contaminada a este, o que no seu conxunto significa que a calidade da auga que vai chegar á ría de Arousa será claramente menor: hai menos auga e máis contaminación. Isto vai afectar dun xeito radical a biodiversidade e produtividade de mariscos da ría de Arousa. Sobre todo, neste momento crucial no que hai menos nordés e menos afloramento, o que significa menor renovación das augas da ría e maior debilidade do marisco.

A mercantil Greenfiber S.L. non avaliou correctamente o impacto de detraer ese volume de auga citado sobre os usos que a sociedade realiza actualmente desta bacía, xa que compara o volume da captación coas achegas naturais acumuladas que chegan ao encoro de Portodemouros, sen ter en conta todos os usos acumulados na bacía, xa que só considerou os usos do propio encoro. A factoría para o seu estudo conta sempre coa capacidade máxima do encoro de Portodemouros, cando nunca estivo ao máximo de capacidade e mesmo a finais da estación do verán ten problemas de seca, adoita prohibirse o baño e hai recortes de auga de maneira ocasional.

Tampouco valorou a peticionaria que nunha concesión de 75 anos tería que considerar os efectos do cambio climático sobre o seu uso industrial da auga, tendo en conta ademais que na normativa do Plano Hidrolóxico vixente (2021-27) os usos de abastecemento e ambientais prevalecen sobre os industriais.

A Instrución 2/2015, do 17 de abril, de Planificación Hidrolóxica da DHGC, recolle por primeira vez o estudo dos efectos do cambio climático na demarcación, en canto á redución de recursos e ás previsións do efecto do cambio climático sobre os ecosistemas acuáticos. Máis recentemente, con data do 20 de maio de 2021 aprobouse a Lei 7/2021, de cambio climático e transición enerxética (LCCTE) que recolle un enfoque legal máis amplo sobre como afrontar estes efectos.

Como resultado do compromiso coa política europea, e en particular co Pacto Verde Europeo, España aprobou, o 22 de setembro de 2020, un novo Plan Nacional de Adaptación ao Cambio Climático (PNACC) para o período 2021-2030.

O Pacto Verde Europeo é unha estratexia de crecemento co obxectivo último de transformar o modelo económico da UE nun máis sustentábel e neutro en emisións, que deberá lograrse en 2050, protexendo e mellorando á súa vez o capital natural da Unión e a saúde e o benestar da cidadanía fronte aos riscos.

A LCCTE, no seu artigo 19, “Consideración do cambio climático na planificación e xestión da auga”, recolle o mandato de incluír o efecto do cambio climático na planificación, co obxectivo de conseguir a seguridade hídrica das persoas, a protección da biodiversidade e das actividades socio económicas, tendo en conta a xerarquía de usos e reducindo a exposición e a vulnerabilidade.

Na DH de Galicia-Costa, a maioría das proxeccións prognostican un aumento da frecuencia e intensidade das secas, canto máis nos afastamos no tempo, froito da cada vez maior variabilidade das precipitacións. Hai que ter en conta que, aínda que as precipitacións na demarcación son elevadas en relación co resto da península, existe unha forte dependencia dos sistemas hídricos da demarcación con respecto ás precipitacións, xa que a DHGC ten unha escasa capacidade de regulación e non están identificadas unidades hidroxeolóxicas que poidan supoñer reservorios de auga en momentos de seca. Como recolle o ETI na ficha nº 8, este efecto púidose constatar nos últimos anos, nos que se viviron na demarcación episodios destacábeis de seca, especialmente o ano 2017-2018, e o ano 2012.

Á vista da incerteza nas predicións e á probabilidade de sufrir un empeoramento en relación á tensión hídrica no que pode poñer en risco, o cumprimento dos OMAs e a satisfacción das demandas, a demarcación recolle medidas específicas dentro do Plan Especial de Seca da DHGC. Ademais, desde o punto de vista legal, débese ter en conta o establecido na Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario. Tendo en conta que no Plan de Secas da demarcación se propón a mesma porcentaxe de diminución nas dotacións para abastecemento que para o uso industrial nos diferentes escenarios de seca, a detracción do recurso hídrico no Encoro de Portodemouros pode comprometer non só a viabilidade ambiental do ecosistema senón tamén o abastecemento para consumo humano.

A mercantil Greenfiber S.L. tampouco avalía o impacto da súa actividade no risco real da perda de hábitat no río Ulla de especies de augas frías, como a troita e o salmón característicos deste río e que posibilitan unha actividade de pesca deportiva que favorece a localización de servizos do sector terciario e a dinamización socioeconómica da contorna do río.

Hai dous factores que, combinados, poden provocar a desaparición desas especies: os efectos do cambio climático na temperatura da auga do río e o impacto da vertedura de auga por parte de Greenfiber S.L., tanto desde a súa temperatura (t), como polo alto contido en materia orgánica (m.o.) e como ambos os factores sinerxicamente (t + m.o.) van eutrofizar as augas do encoro provocando a presenza crónica de cianobacterias produtoras de toxinas que afectan os seres vivos e afectando tamén a cantidade de osíxeno disolto na auga (non só pola temperatura, que tamén, senón porque a emisión de materia orgánica vai consumir moito osíxeno disolto na súa degradación aeróbica) que é un factor limitante para as especies do xénero Trutta.

A variábel, por tanto, que marcará os mapas de perigo é a temperatura media no mes de agosto, mes no que se acadan as maiores temperaturas. A partir da temperatura media do aire en agosto, e mediante as expresións de tipo lineal, que relacionan a temperatura do aire e a temperatura da auga para cada ecotipo (CEDEX, 2012), determínase a temperatura da auga no mes de agosto. Como exemplo, o rango de temperatura da auga que determina a adecuación da especie *Salmo trutta* (Linnaeus, 1758) a partir da literatura científica existente.

Dado que se avalía o efecto do aumento de temperatura da auga por efecto do cambio climático analízanse os valores máximos que pode aguantar a especie durante un período continuado. O valor de temperatura que determina a entrada da especie na zona de prema (temperatura na que a especie se ve significativamente afectada), como media mensual, é de 18.7 °C dado que é o límite superior que determina o rango óptimo da especie (Santiago, 2017). O límite termal da especie (valor de temperatura na que se produce unha perda total de hábitat) é de 21,8 °C (Wehrly & Wang, 2007), como límite máximo de temperatura media da auga. O incremento medio de temperatura da auga en agosto debido ao cambio climático estímase entre 1,0 e 1,3° C no curto prazo, 2010-2040, entre 1,8 e 2,4° C no medio prazo, 2040-2070, e entre 2,2 e 3,9° C no longo prazo, 2070-2100. Estes valores obtivéronse como media dos modelos empregados e o rango marca os valores correspondentes aos escenarios de emisións RCP4.5 e RCP8.5 respectivamente. Na parte central e sur da demarcación son os tramos medios os máis afectados polo aumento de temperatura no que se refire ao hábitat potencial das especies de augas frías (Anexo XVI. “Riscos asociados ao cambio climático e adaptación”, páx. 47).

“Algúns dos tramos, cunha vulnerabilidade baixa como a zona central do río Ulla, con presenza real de troita na actualidade, augas abaixo do encoro de Portodemouros (...), presentan un risco máis alto de impacto sobre a presenza de troitas nas súas augas. Estas serán, en consecuencia, as primeiras zonas onde se deberán formular medidas para reducir os riscos fronte ao cambio climático, co obxectivo último de reducir a temperatura da auga fluínte” (Anexo XVI, páx. 50).

A estas estimacións habería que engadirlle o incremento térmico derivado da emisión ao encoro de Portodemouros de 30.000 m³/día de auga cargada de materia orgánica a 27°C (unha temperatura que vai ocasionar unha importante baixada da cantidade de osíxeno disolto na auga) e

a consecuente eutrofización co posíbel efecto das toxinas das cianobacterias río abaixo. Non parece razoábel autorizar un vertido ao encoro de Portodemouros cando a masa de auga receptora está en risco por exceso de nutrientes e eutrofización (o encoro de Portodemouros aparece citado polo MITECO, nunha resposta a unha pregunta parlamentaria, como un dos 53 puntos de augas contaminadas por nitratos), e semella lóxico pensar que esa autorización camiña en sentido contrario á mellora dos obxectivos ambientais para a masa de auga do encoro e incumpren a normativa comunitaria sobre protección de augas (Directiva Marco da Auga 2000/60/CEE). De feito a Comisión Europea demandou o Estado español por non sinalar zonas contaminadas por nitratos como vulnerábeis para aplicar nelas medidas de prevención e redución da contaminación.

Tampouco se dá cumprimento ao indicado na disposición adicional segunda do R.D. 1/2016 respecto á priorización das actuacións que repercutan sobre as masas de auga que teñan un estado ou potencial “peor que bo” e o fomento, dentro desas actuacións, das medidas que sexan máis sostíbeis do punto de vista medioambiental, económico e social. Evidentemente o encoro de Portodemouros é unha zona vulnerábel, aínda que a administración autonómica competente o ignore, e resulta unha contradición que, en vez de tomar medidas para previr e reducir a contaminación, se opte por aumentala cun vertido industrial de 30.000 m³/día de auga cargada de materia orgánica a 27°C e ademais se pretenda que sexa a propia UE a que o financie.

Outro aspecto a ter en conta na futura calidade do río Ulla, é o *“risco de afección aos macroinvertebrados, a partir da relación entre o índice IBMWP (Iberian Biological Monitoring Working Party) e o incremento esperado na temperatura da auga. Un incremento de 0,5 °C produce unha afección media ponderada do 20% dos individuos de macroinvertebrados e para un incremento de temperatura de 2 °C un grao de afección do 55%. Na DHGC, segundo os resultados obtidos no escenario RCP4.5., predise que a temperatura media da auga pode incrementarse por encima de 1 °C no 5% das masas de augas fluviais de Galiza, como son o **Río Asneiro, Río Arnego, Río Deza e tramo medio do Ulla**”* (Anexo XVI, páx 58-9). Como consecuencia da combinación do cambio climático e a contaminación química e térmica da factoría de celulosas, os efectos van ser aínda maiores, pero a mercantil Greenfiber S.L. non avalía a combinación destes factores sobre a afección aos macroinvertebrados do río Ulla.

Ademais a mercantil -interesadamente- ocultou os escenarios de cambio climático nunha concesión por 75 anos. Neste sentido, o Plano Hidrolóxico prevé unha redución dos recursos hídricos dun 8,39% para o ano 2039, sendo maior aínda no período 2070-2100. Non hai un balance dos diferentes recursos hídricos comprometidos na bacía do Ulla, cunha proxección nun escenario de cambio climático, para os vindeiros 75 anos, onde se contemple como vai impactar, cuantitativamente na actual demanda de auga (caudal ecolóxico, urbana, gandeira, agraria e industrial) e cualitativamente na biodiversidade e na calidade da auga do río Ulla, tanto o consumo de auga da mercantil Greenfiber S.L. como a súa achega de contaminación orgánica, química e térmica. Xa existen na actualidade U.D.U. que non ven satisfeitas as súas demandas de auga segundo criterios IPH (Instrución de Planificación Hidrolóxica aprobada pola Orde ARM/2656/2008): Agolada, Arzúa, Boqueixón, A Estrada, Palas de Rei, Rodeiro, Santiago, Silleda, Touro e Vila de Cruces. (Anexo V, *Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2021-27*).

5.- IMPACTOS NA REDE NATURA 2000, NAS ESPECIES AMEAZADAS E NO PATRIMONIO XEOLÓXICO.

O proxecto de Altri ocupa unha área designada para formar parte da ampliación da Rede Natura 2000 proposta pola Xunta nos anos 2008 e 2012. O obxecto destas propostas de ampliación da Rede Natura 2000 era atender as consideracións feitas pola Comisión Europea a través da Decisión 2004/813/CEE, do 7 de decembro de 2004, pola que se adoptaba a listaxe de Lugares de Importancia Comunitaria da Rexión Bioxeográfica Atlántica (DOUE L 387, 29/12/2004), e que formulaba para o ámbito do Estado español a necesidade de mellorar a representatividade de determinados tipos de hábitats chave para a preservación das especies do Anexo II da Dir. 92/43 CEE (de Hábitats) e do Anexo I da Dir. 2009/47/CE (de Aves).

A ocupación do espazo proposto para a proposta de ampliación da RN 2000 representa unha ameaza grave aos valores ambientais presentes nestes espazos e á conectividade ecolóxica entre as zonas de especial conservación desta rede. Dezaseis anos despois de presentar esa proposta, en 2008, a Xunta de Galicia non concluíu a súa tramitación e segue sen formalizar a ampliación da Rede Natura 2000 fronte ao Ministerio.

Seguindo criterios de endemidade ibérica e categoría de ameaza, o *Libro Rojo de la Flora vascular de España*, editado polo Ministerio de Medio Ambiente en 2003, identifica o territorio das serpentinas de Melide como Área Moi Importante para a flora ameazada, baixo o nome Serra do Farelo.

Por outra banda, a captación de augas atinxe á ZEC ES1110014 Serra do Careón por unha zona considerada dentro da Zona 1 “Área de Protección” prevista no Plan Director da Rede Natura 2000. O recoñecemento por parte da empresa de que as repercusións potenciais sobre a Serra do Careón “pueden ser calificadas como moderadas” dá a ver que dentro dunha “Área de Protección” (Zona 1) da Rede Natura 2000 pode haber impactos moderados, polo que dificilmente poden considerarse compatíbeis.

Esta zona xeolóxica garda a memoria tectónica da colisión entre Gondwana e Laurentia, hai 350 millóns de anos. A Unidade do Careón vén sendo o maior afloramento peninsular da codia oceánica que cabalgou sobre a continental: ecloxitas, peridotitas e gabros falan do océano Reico comprimido entre os dous paleocontinentes na oroxenia varisca. A designación das nacentes do Ulla como LIC/ZEC susténtase nesta excepcional natureza xeolóxica. E isto explica os afloramentos rochosos silíceos serpentiniticos de Melide (só existentes aquí e na Serra da Capelada) que constitúen un dos espazos de maior interese botánico da Península Ibérica. Son un afloramento de rochas ultrabásicas, moi raras na superficie terrestre, que orixinan solos con altos valores naturais de metais pesados e baixa fertilidade. O illamento derivado do substrato ultrabásico deu lugar a procesos de especiación en plantas que acadan o seu maior expoñente nas especies endémicas estritas descritas até a data. Destacan *Armeria merinoi* Nieto Feliner & Silva Pando (1987), *Leucanthemum gallaecicum* R.Oubiña & S.Ortiz (1990), *Santolina melidensis* R.Oubiña & S.Ortiz (1998), exclusivas da zona, ou *Centaurea gallaecica* (M. Laínz) Arnelas & Devesa (2012), esta tamén

presente nalgúns outros pequenos afloramentos ultrabásicos, satélites do principal de Melide. Unha quinta especie endémica de Galiza, *Sagina merinoi* Pau in Merino, encóntrase tamén nas serpentinas da Serra da Capelada e rochas ultrabásicas do oeste da Coruña.

O Catálogo de especies ameazadas de Galiza (Decreto 88/2007, do 19 de abril) contempla a *Armeria merinoi*, *Leucanthemum gallaecicum* e *Santolina melidensis* na categoría “En perigo de extinción”, a mesma que *Eryngium viviparum*, *Genista ancistrocarpa* e *Xiphion boissieri*, mentres que *Centaurea gallaecica* consta incluída como “Vulnerábel”. Tamén nesta categoría esta *Selinum broteri* Hoffmanns. & Link, outra especie protexida recentemente detectada na área.

A alarmante transformación de afloramentos serpentíníticos en prados, cultivos forestais de eucaliptos ou zonas urbanizadas, vén provocando a desaparición de poboacións e núcleos de poboación destas especies, con especial relevancia nos endemismos estritos, avaliados “En perigo crítico” (*A. merinoi*, *S. melidensis*), “En perigo” (*L. gallaecicum*) e “Vulnerábel” (*C. gallaecica*) na *Lista Roja de la Flora Vasculare de España* (Moreno, 2011; ver tamén Bañares et al., 2003).

O proxecto industrial de Altri sepultaría numerosos afloramentos serpentíníticos con varias poboacións rexistradas das catro especies endémicas estritas. Todo o sector da ZEC Serra do Careón poderá verse afectado por cambios hidrolóxicos derivados da urbanización prevista e da alteración da recarga dos acuíferos, con afeccións moi graves ás comunidades vexetais e a flora ameazada.

Así mesmo, o proxecto industrial afecta totalmente o único sobreiral existente na Ulloa de aproximadamente 1 ha (Hábitat de interese comunitario cód. 9330, sobreirais de *Quercus suber*).

Na parcela de uso industrial tamén residen poboacións de numerosas especies de animais que están legalmente catalogadas ameazadas en Galiza (Decreto 88/2007). Entre os invertebrados, destacan o caracol *Elona quimperiana* e a bolboreta *Zerynthia rumina*, ambas en perigo de extinción; o caso da bolboreta supón unha poboación illada do resto da súa área de distribución, ligada á súa única planta nutricia, *Aristolochia paucinervis*, que igualmente ten aquí unha poboación illada, única na Ulloa. Tamén se encontra a lesma *Geomalacus maculosus*, catalogada Vulnerábel. En canto aos anfibios, catro especies presentes na “parcela” están listadas na categoría Vulnerábel no Catálogo de Especies Ameazadas de Galiza: a salamántiga rabilonga (*Chioglossa lusitanica*), a rela (*Hyla molleri*) e as ras patilonga (*Rana iberica*) e vermella (*Rana temporaria parvipalmata*).

Ademais, o proxecto está nunha zona de paso de aves protexidas que só aniñan no lugar e outras especies protexidas ou consideradas vulnerábeis. Entre elas, dúas catalogadas Vulnerábel en Galiza: a tartaraña cincenta (*Circus pygargus*) –ídem a nivel español-, e a gatafornela (*C. cyaneus*). Tamén oito especies avaliadas En Perigo no recente *Libro Rojo de las Aves de España* (2021), a citada gatafornela mais o paspallás, o picapeixe, o falcón pequeno, o lagarteiro, o picanzo meridional, a papuxa do mato e a escribenta amarela, máis outras sete cualificadas Vulnerábel. E até 18 especies incluídas no Anexo I da Directiva 2009/147/CE, para as cales é preciso declarar Zonas de Especial Protección, entre as que destaca o peneireiro cincento (*Elanus caeruleus*), única localidade de cría regular en Galiza durante os últimos anos.

Ademais, menciónase no EIA e AAI da peticionaria o mexillón de río, especie en extinción e que ten en Galiza case o único lugar da Península Ibérica onde a súa poboación non está extinguida (esta especie filtradora vale para limpar e protexer os ríos e un proxecto da USC e a Xunta de Galicia para a súa expansión está hoxe “nun caixón” esperando a ser desenvolvido pola administración galega) pero non se explica como se vai protexer o mexillón de río da auga que verterá a factoría ao río cunha temperatura de 27°C e que implicaría a mortalidade deste bivalvo.

Cómpre insistir tamén en que o espazo delimitado como parcela industrial acolle fauna catalogada como ameazada. A mercantil Greenfiber S.L., en absoluto considerou correctamente nin a presenza da maioría dos taxóns antes referidos nin a gravidade dos impactos potenciais sobre a súa conservación.

6.- IMPACTO EDAFOLÓXICO E PERDA DE SERVIZOS ECOSISTÉMICOS ASOCIADOS AO SOLO.

A zona elixida para localizar a factoría é un dos hábitats mais interesantes e raros de Galiza, xa que se empra directamente sobre afloramentos de rochas serpentínicas. Trátase de materiais pouco frecuentes que se orixinan por alteración de rochas ultramáficas (ricas en minerais moi ricos en Fe e Mg). Esta especial orixe das serpentinitas é unha das causas da súa escasa presenza a nivel mundial. Así, do total da superficie terrestre, as áreas serpentinizadas ocupan menos do 1%, mentres que en Galiza representan unicamente un 0,2% da superficie total (SITGA, 2001- *Mapa litolóxico de Galicia*).

A implantación desta fábrica e as súas infraestruturas asociadas ignora totalmente a Estratexia da UE para a protección do solo para 2030 (UE, 2021), que indica que os Estados membros deben mellorar a xestión do uso do solo para permitir a súa conservación xa que é vital para a nosa supervivencia.

Así, esta industria causará un impacto directo sobre o medio edáfico provocado pola construción das instalacións que precisa esta gran factoría, incluíndo a artificialización de grandes superficies de solos naturais ou seminaturais, a apertura de vías de comunicación, condutos de captación de auga, etc. Todo acompañado de movementos de terra e ocupacións como desmontes, terrapléns, vertedoiros, zonas auxiliares, etc., o que provocará a destrución total dos solos sobre os que se pretenden asentar, principalmente por selado e erosión.

Un impacto irreversible é a destrución do solo por selado (cementación) debido á construción das diferentes infraestruturas, perdéndose os seus servizos ecosistémicos asociados e, expoñendo a zona a inundacións máis graves e a efectos de illa térmica máis intensos.

Outra cuestión importante asociada á degradación do solo provocado por esta factoría é a utilización do eucalipto como materia prima, feito que ten unhas connotacións ambientais e territoriais moi amplas ao intensificar as plantacións desta especie exótica en Galiza. Dentro dos impactos importantes da alta proliferación de eucaliptos están os efectos sobre a dispoñibilidade de auga nos solos. Os efectos ambientais das especies de rápido crecemento apuntan á diminución da auga dispoñíbel tanto no solo como na capa freática e nun escenario de cambio climático. Isto é máis acusado en primavera, o que pode ampliar a seca edáfica da estación estival, afectando os caudais fluviais e o réxime de incendios.

7.- IMPACTO SOBRE O PATRIMONIO CULTURAL E A PAISAXE.

As infraestruturas propostas no proxecto non evitan a afección a elementos catalogados do patrimonio cultural galego ou á súa contorna de protección. Malia a existencia dun estudo arqueolóxico, a promotora afirma que non existe una afección directa sobre o patrimonio cultural nin paisaxístico. Porén, o proxecto afectaría gravemente o patrimonio cultural e paisaxístico da zona, caso das mámoas de Monte Barazón 4 e 7, afectadas polas tubaxes. Mais o principal impacto cultural e paisaxístico atinxe ao Camiño de Santiago (Camiño Francés, declarado Ben de Interese Cultural-BIC), que resulta afectado directamente polo proxecto que inclúe unha cheminea de 75m (equivalente a un edificio de 25 plantas), así como a un importante número de recursos turísticos asociados ao Camiño. Na zona, o Camiño de Santiago leva xerado unha relevante infraestrutura turística, cuxa continuidade pode poñerse en risco por este proxecto e afectar gravemente a apenas 2 quilómetros da localización prevista para a factoría, atinxindo directamente a súa contorna de protección. O camiño de Santiago Francés vaixe atopar cunha ampla zona de cheiros e a evaporación de 2000 m³ /día no proceso produtivo da factoría, nunha contorna que ten que ser protexida.

No referido á paisaxe, as instalacións máis voluminosas desta factoría serán visíbeis polas persoas que transcorran polo Camiño Francés, e afectan claramente a paisaxe (existen varias as áreas de interese paisaxístico -AEIP- na contorna, algunhas delas moi preto da área de afección, como son a AEIP Castelo de Pambre e a AEIP Mourazos e Monte San Xurxo) e a perspectiva que se percibe desde aquel, provocando un impacto directo. A isto hai que engadir as afeccións indirectas provocadas polo proceso produtivo, asociadas ao cambio nos usos do solo (eucaliptización), perdéndose a harmonía da paisaxe do Camiño de Santiago e as características que conforman e fornecen entidade ao territorio.

En virtude da citada Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galiza, as obras e actividades no ámbito delimitado dos Camiños de Santiago deberían ser compatíbeis coa conservación e coa protección dos seus valores propios e en xeral manter as características principais do territorio que conforman.

Xa que logo, debería darse preferencia na contorna dos bens e zonas de amortecemento aos usos e actividades tradicionais, así como a aquelas que sexan máis respectuosas coa súa conservación (artigo 77, apartados 2 e 3), desbotando aquelas que supoñan un perigo de destrución ou deterioración, ou vaian realizarse de forma incompatíbel cos seus valores culturais, como é o caso da instalación desta factoría.

8.- IMPACTO DA CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA NA SAÚDE.

No publicado no DOG, a empresa fala de que os gases que sairán dunha cheminea de 75 metros (situada ao carón do camiño de Santiago) expulsará partículas de restos da celulosa, dióxido de nitróxeno e dióxido de xofre e COV (Compostos orgánicos volátiles). Estes óxidos en combinación coa auga atmosférica van producir chuvia ácida e serán un problema para persoas alérxicas e con dificultades respiratorias, nomeadamente persoas maiores e poboación infantil/xuvenil, que padecerán maiores índices de asma e enfermidades do tracto respiratorio.

Faise por parte da mercantil unha simulación da zona afectada pero neste estudo non se

teñen en conta nin a orografía (a factoría vai estar ao pé da serra do Careón, de 798 m de altitude) nin a estacionalidade. Non hai un estudo de modelización da dinámica atmosférica tendo en conta as características orográficas da zona, os ventos dominantes nas diferentes épocas do ano e a localización dos núcleos de poboación. Por todo isto, non podemos tirar unhas conclusións definitivas acerca do impacto que vai causar a calidade do aire na ampla zona afectada dun radio de 40 quilómetros.

A simulación mostrada e a área de contaminación e choiva ácida presentada pola empresa está reducida e abstraída da realidade mentres non se teñan en conta as características devanditas.

Podemos concluír, iso si, que afectará preferentemente a persoas con problemas respiratorios e mais a terceira idade e os menores de idade de maneira significativa, ao tempo que afectará os sectores produtivos, como se sinala na alegación nº 2.- IMPACTO SOCIOECONÓMICO DO PROXECTO NA ZONA DE IMPLANTACIÓN.

9.- IMPACTO DUNHA INDUSTRIA DE ENCLAVE NA BACÍA HIDROGRÁFICA DO ULLA E NA RÍA DE AROUSA.

Na páx. 454 do EIA a propia empresa Greenfiber recoñece ser unha **industria de enclave**, o que significa que, lonxe de ter o obxectivo de integrarse na contorna local, procurará os maiores beneficios ao menor custo posíbel, sen sentir os condicionantes da súa localización. Isto é claramente contraditorio coas Directrices de Ordenación do Territorio de Galiza (Decreto 19/2011, polo que se aproban definitivamente as D.O.T.), que sinalan:

“O modelo territorial de Galiza (...) pódese sintetizar nos seguintes puntos:

- a) O desenvolvemento económico equilibrado e sostíbel, para que Galiza siga aproximándose aos niveis de renda e riqueza das rexións máis desenvolvidas.*
- b) A cohesión social e a mellora da calidade de vida da poboación, de xeito que todas as persoas dispoñan dun nivel adecuado de servizos e oportunidades.*
- c) A utilización racional do territorio e a sustentabilidade ambiental, mediante a xestión responsábel dos recursos naturais e a protección do medio ambiente.*

Unha industria de enclave é a antítese do contemplado no Plan de acción da UE para a economía circular e tamén é recoñecer que non é sostíbel ambiental, económica e socialmente. Pola contra, vai deteriorar o río Ulla e a ría de Arousa, vai destruír postos de traballo sostíbeis tanto das comarcas do interior como da ría de Arousa e vai afectar negativamente o tecido económico existente, provocando un cambio no modelo produtivo cuxa transcendencia e impacto a medio e longo prazo é difícil de prever e cuantificar pola súa capacidade destrutiva.

10.- INCUMPRIMENTO DO REGULAMENTO DA UE, 852/2020.

Incúmprase o principio DNSH (Do Not Significant Harm) que obriga os fondos PERTE (e tense en conta nos Next Generation) cando menos nos puntos c, d, e, f.

O Regulamento (UE) 852/2020 relativo aos investimentos sustentábeis establece no seu

artigo 9 cales son eses 6 obxectivos ambientais que os proxectos deben respectar (non afectar negativamente a un ou a varios destes obxectivos) para seren considerados investimentos sustentábeis e, consecuentemente, seren financiados polo PERTE:

- a) mitigación do cambio climático
- b) adaptación ao cambio climático
- c) uso sustentábel e protección dos recursos hídricos e mariños**
- d) transición para unha economía circular**
- e) prevención e control da contaminación**
- f) protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas.**

11.- INCUMPRIMENTO DA NORMATIVA EUROPEA E ESTATAL.

A Comisión Europea mantén diversos procedementos de infracción (Nº 2016/2134; Nº 2017/2100) contra España polos incumprimentos na aplicación da lexislación comunitaria de augas e xa existen ao respecto dúas sentenzas condenatorias (C-38/15 e C-205/17).

O proxecto da mercantil Greenfiber S.L. é contraditorio e incoherente coa normativa europea/estatal e os seus obxectivos ambientais en diversos ámbitos:

1. Coa xestión dos espazos naturais protexidos e, sinaladamente, coa Rede Natura 2000.
2. Coa Estratexia de Biodiversidade da UE.
3. Co Marco sobre Clima e Enerxía para 2030.
4. Co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021-2030.
5. Co Plan de acción da UE para a economía circular.
6. Coa Estratexia Europea de Infraestrutura Verde e a Estratexia estatal de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas.
7. Coa Estratexia Nacional de Restauración de Ríos.
8. Coas Medidas Naturais de Retención da Auga.
9. Coas Estratexias Mariñas derivadas da Directiva 2008/56/CE.
10. Co Plan Estratéxico de Patrimonio Natural e da Biodiversidade e a Lei 45/2007 para o desenvolvemento sostíbel do medio rural.
11. Coa Lei 7/2021, de cambio climático e transición enerxética (LCCTE).
12. Coa Directiva Marco da Auga 2000/60/CEE, que se trasladou á lexislación española no Texto Refundido da Lei de Augas (TRLA), o Regulamento da Planificación Hidrolóxica (RPH) e a

Instrución de Planificación Hidrolóxica (IPH).

13. Co Regulamento UE 852/2020 relativo aos investimentos sostíbeis.

Polo tanto, esta fábrica é unha macrocelulosa non sostíbel ambientalmente polo seu elevado consumo de auga nun escenario de cambio climático, pola contaminación producida no río e na atmosfera. Tampouco é sostíbel economicamente porque vai afectar directamente o sector produtivo do mar de Arousa e o sector agrogandeiro e turístico da Ulloa, polo que podemos afirmar que DESTRÚE EMPREGO atendendo aos criterios do Informe do CES comentados anteriormente, e tampouco é sostíbel socialmente porque destrúe a estrutura social existente tanto na Ulloa como nas poboacións circundantes á ría de Arousa, onde o PIB que depende do sector de mar ten un carácter estrutural que estimula os outros sectores da economía da ribeira e asenta poboación (*Análise do sector da pesca*, IGE, 2023).

Por todo isto,

SOLICITA

1.- Unha declaración negativa. A NON autorización ambiental integrada (AAI), REXEITAR o estudo de impacto ambiental (EIA), a NON declaración de utilidade pública e REXEITAR o proxecto para a instalación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas, promovido por Greenfiber, S.L.

2.- Que se recoñeza a persoa e organización que asina como interesada no proxecto e as súas afeccións.

Asinado:

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024